

## ORFEO E EURÍDICE

(Ovidio, *Metamorfosis*, X, 1-85)

Desde alí polo ceo inmenso, cuberto cunha capa azafranada,  
voa Himeneo <sup>1</sup> e encamiñase ó territorio dos Cicóns,  
en van o chama a voz de Orfeo. Presenciou a cerimonia nupcial,  
pero non levou palabras solemnes, nin cara de ledicia, nin bos presaxios;  
mesmo o facho, que tiña na man, foi só faíscas de fume lacrimoso  
e non houbo xeito, nin por moito abanala, de que a chama prendese.  
O desenlace foi máis grave co augurio. Pois mentres a noiva  
corre polo prado seguida dun séquito de náíades<sup>2</sup>  
morre polo picadura dunha serpe no nocello.  
E despois de choral a poeta rodopeo<sup>3</sup> no mundo  
dos vivos, para probar tamén el mesmo as sombras,  
ousou descender pola porta do Ténaro<sup>4</sup> ata a Estixia<sup>5</sup>,  
e entre ingrátidos espíritos e espectros xa sepultados  
chegou ante Perséfone<sup>6</sup> e o rei que domina o inhóspito imperio

---

<sup>1</sup> Divindade do matrimonio

<sup>2</sup> Ninfas das augas

<sup>3</sup> Refírese a Orfeo. O monte Ródope está en Tracia, lugar de orixe de Orfeo

<sup>4</sup> Promontorio de Laconia no que se cría que había unha entrada ó infernos.

<sup>5</sup> Lago do mundo das sombras.

<sup>6</sup> Perséfone, raiña do mundo dos mortos xunto co seu esposo Hades.

das sombras, e pulsando as cordas a lira  
canta: “ Ó, divindades do mundo oscuro  
a onde vimos caer todos os que nacemos mortais,  
se é lícito, e vós me permitides que diga a verdade,  
deixando de lado os rodeos dunha boca falsa,  
non baixei aquí, para ver o escuro Tártaro<sup>7</sup>, nin para amarrar  
as tres gargantas da monstruosa Medusa, cubertas de serpes<sup>8</sup> ;  
a razón da viaxe é a miña esposa, a quen unha víbora,  
ó ser pisada, envelenou e privou dunha vida futura.  
Quixen aguantar, non vou dicir que non o tentei:  
gañou Amor. É este un deus ben coñecido no mundo dos vivos;  
Non sei se o é aquí, pero presinto que aquí tamén o é,  
se non é falsa a lenda do antigo rapto  
a vós tamén vos xuntou Amor<sup>9</sup>. Por estes espazos cheos de temor,  
por este Caos inmenso e o silencio deste reino interminable,  
estando como estou, pídovalo, tecede de novo o destino  
precipitado de Eurídice. Todo é voso cumprido un prazo  
e tarde ou cedo camiñamos cara ó mesmo lugar.  
Todos nos diriximos aquí, esta é a última morada, e vós  
sodes os amos dos máis vastos territorios do xénero humano.  
Ela tamén será da vosa propiedade cando adulta teña cumprido

---

<sup>7</sup> Parte do mundo dos mortos onde están os peores suplicios.

<sup>8</sup> Todo isto se refírese á viaxe que fixo Heracles (Hércules) para capturar a Cérbero, o famoso can de tres cabezas que gardaba os infernos.

<sup>9</sup> Hades namorado de Perséfone raptouna e levouna ó mundo dos mortos onde era rei. A nai desta, Deméter (deusa da agricultura), pediu a Zeus que mediara na disputa. Perséfone debía estar seis meses co seu esposo e os outros seis coa súa nai.

os anos xustos: pídovos como recompensa que ma deixedes.  
E se os fados non dan consentimento para a miña esposa,  
estou decidido a non retornar: gozade coa morte dos dous”.  
Mentres cantaba versos tan sentidos e pulsaba as cordas da lira  
as ánimas exangües choraban: e Tántalo<sup>10</sup> non tentou beber  
a auga esquiva, e parou a roda de Ixión<sup>11</sup>,  
as aves non peteiraron o fígado<sup>12</sup>, as Belides<sup>13</sup>  
deixaron os cántaros, e ti, Sísifo<sup>14</sup>, sentaches na túa pedra.  
Cóntase que entón por primeira vez as meixelas das Euménides,  
seducidas polo canto, se humedeceron de lágrimas,  
nin a rexia esposa nin quen rexe os espazos inferiores  
defraudan ó músico suplicante e chaman a Eurídice;  
estaba ela nas sombras recentes e avanzou coxa pola ferida.  
O rodopeo Orfeo recibiu a condición:  
que non volva atrás os ollos ata saír do val  
do Averno, ou que a recompensa ía ser en van.  
Encamiñase no mudo silencio por unha senda empinada,  
ardua, escura, densa de opaca néboa.

---

<sup>10</sup> O suplicio de Tántalo consistía nunha fame e sede eternas. Metido na auga ata o colo non podía beber porque o líquido retrocedía cada vez que trataba de mollar a boca. Ademais unha póla cargada de froitos pendía sobre a súa cabeza, pero se elevaba o brazo, a póla erguíase bruscamente e poñíase fóra de alcance.

<sup>11</sup> Ixión estaba encadeado a unha roda en castigo por tentar unirse á deusa Hera.

<sup>12</sup> As aves peteiraban continuamente o fígado de Titio como castigo por tentar violar a Latona.

<sup>13</sup> As Bélides sufrían o castigo de encher uns toneis furados por matar os seus primos e esposos.

<sup>14</sup> Sísifo estaba condenado a empurrar ata o cume unha rocha que logo baixaba a rebozo e tiña que ser empurrada de novo. Fora testemuña de como Zeus raptaba a Exina e delatáralo.

Non estaban lonxe xa da entrada ó mundo dos vivos:  
aquí, temendo que desfalecese, como un amante tolo por vela  
volveu os ollos atrás: e de repente ela esvaece,  
botando os brazos e tentando ser collida e coller,  
non agarra nada a desventurada a non ser brisas fuxidías.  
E morrendo xa por segunda vez non se queixou xa  
do seu esposo (¿de que se ía queixar se non de que a amou?)  
deu un último adeus, que a penas el puido escoitar,  
e retornou de novo alí mesmo de onde saíra.  
Atordou Orfeo coa dobre morte da súa esposa  
como aquel que temeroso ve os tres colos do can,  
o do medio con cadeas; ou aquel a quen o pavor non abandonou  
antes que a natureza anterior, quedando de pedra;  
ou como Oleno que se culpou a si mesmo e quixo parecer  
responsable do dano, ou como ti, segura da túa beleza,  
infeliz Letea, noutro tempo namoradísimos,  
agora pedras que sostén o húmido Ida.  
A quen suplicaba e quería cruzar de novo  
o barqueiro negárallo, non obstante durante sete días  
sentou escuálido sen probar bocado:  
coitas, dor de espírito e lágrimas foron o seu alimento.  
Queixándose de que os deuses do Érebo eran moi crueis,  
retirouse ó alto Ródope e ó Hemo batido polos aquilóns.  
Tres veces Titán rematara o ano que pechan os acuáticos peixes,  
e Orfeo renunciara a calquera amor feminino  
xa pola desgraza que lle acontecera,  
xa por fidelidade; sen embargo a ansia de se unir

ó poeta dominaba a moitas, moitas sufriron rexeitadas.  
Foi el tamén quen animou ós pobos de Tracia a entregar  
o amor ós tenros varóns e a gozar da breve primavera  
antes da xuventude, e das primeiras flores.